



DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.:

Código da obra: 24.2000.0246.0
Plan: POS+2024

Departamento: Contratación, adxunto a secretaría
Tipo de contrato: obras

Asunto: APROBACIÓN EXPEDIENTE, A APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN CONTRATO DE OBRAS E A APROBACIÓN DO GASTO DA OBRA MELLORA DE CAPA DE RODAXE NO NÚCLEO DE SABACEDA E ACCESO NORTE AO CEMITERIO DE SANTA COMBA (POS+2024)

Expediente *Tedec*: 2024/A003/000007
Expediente Decreto: 2024/G003/001338

FEITOS

Logo de ver o expediente que se tramita para a contratación da obra ***Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba***, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos).(Plan único de concellos) POS+ 2024. Anualidade 2024.

E de ver os datos referentes á redacción do proxecto técnico:

- **Persoa técnica redactora (externa):** Manuel Rodríguez Mourelle
- **Titulación da persoa técnica redactora:** arquitecto
- **Persoa técnica colexiada núm.:** 5096
- **Data do proxecto:** febreiro de 2024
- **Prazo de execución:** 3 meses

E de ver os datos referentes as Bases reguladoras do plan provincial (POS+2024) na que foi incluída esta obra:

- **Aprobación das Bases Pleno da Deputación da Coruña:** 24/11/2023
- **Publicación das Bases:** BOP núm. 227 do 28/11/2023

E de ver os datos referentes á aprobación do proxecto:

- **Pleno da Corporación municipal:** 08/02/2024
- **Proxecto corrixido decreto do alcalde:** 566/2024 do 16/04/2024
- **Pleno da Deputación da Coruña:** 31/05/2024

E de ver os trámites que se realizaron:

- a memoria xustificativa: 29/07/2024
- a providencia da alcaldía: 29/07/2024
- o decreto de inicio do expediente: 1157/2024 do 29/07/2024, no que foi motivada a necesidade e a idoneidade do contrato.
- a decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato: decreto da alcaldía núm. 200/2024 do 08/02/2024
- o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP): foi redactado e incorporouse ao expediente. O PCAP é o aprobado polo Pleno da Deputación provincial da Coruña, en sesión realizada o 26/2/2021, *Boletín Oficial da Provincial da Coruña*, núm. 42, do 4/3/2021.



O concello cumprimenta o anexo I cadro de características, os criterios de valoración e demais declaracións que correspondan.

- a acta de implantación do proxecto
- o proxecto técnico das obras debidamente aprobado
- o certificado de retención de crédito que acredita a existencia de financiación
- a acreditación da dispoñibilidade de todo o financiamento de distinta procedencia

As características do contrato que se pretende executar:

- **Tipo de contrato:** obras
- **Procedemento:** Contrato de obras mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)
- **Suxeito a regulación harmonizada:** non
- **Obxecto:** *Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba*
- **Tramitación:** Ordinaria
- **Código da obra:** 24.2000.0246.0
- **Código CPV:**
 - 45000000-7 Traballos de construción
 - 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas
 - 45233221-4 Traballos de pintura da superficie da calzada
- **Valor estimado do contrato:** 51369,45 euros (IVE excluído)
- **IVE (21 %):** 10787,59 €
- **Orzamento base da licitación:** 62157,04 € (IVE incluído)
- **Lugar de execución:** o que se indica no proxecto técnico
- **Duración da execución:** 3 meses
- **Lotes.** Non procede a división en lotes. Motivo: a aplicación da previsión contida no artigo 99.3.b da LCSP, (decreto do alcalde núm. 200/2024 do 08/02/2024).
- **Aplicación orzamentaria:** 454 61900
- **Operación núm.:** 220240003011 220240003011
- **Referencia núm.:** 22024000759
- **Data da retención:** 24/07/2024
- **Financiamento da Deputación provincial da Coruña:** 62157,04 €

E de ver os datos referentes a este decreto:

- **Procedemento:** Contrato de obras (artigo 13 da LCSP)
- **Carácter do contrato:** administrativo (artigo 25 da LCSP)
- **Expediente:** 2024/A003/000007
- **Documento:** Decreto de aprobación do expediente, a apertura do procedemento de adxudicación do contrato e obras e a aprobación do gasto
- **Órgano de contratación:** a alcaldía
- **Asinantes:** a alcaldía-a secretaria xeral

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1. Os contratos de obras se definen no artigo 13.1 e no anexo I da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, (LCSP), (BOE núm. 272 do 09/11/2017), (en diante LCSP).



- Os investimentos son servizos de competencia municipal que se indican nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80 do 03/04/1985). No expediente xustifícase: a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse, mediante o contrato proxectado, a idoneidade do obxecto e o contido do mesmo para satisfacelas.
- No expediente consta a plena dispoñibilidade da aportación financeira da obra.
- No expediente quedan xustificadas os criterios de selección que permitirán a elección da oferta máis vantaxosa para os intereses municipais.
- O expediente de contratación foi tramitado conforme prevé o artigo 116 da LCSP, e que se xustificou cumpridamente o uso na adxudicación do contrato do procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), xa que logo é de aplicación o artigo 122 da LCSP. No procedemento aberto, todo empresario poderá presentar unha proposición e quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156.1 da LCSP).
- O 08/08/2024, o secretario accidental, Evaristo Lois Rama, informa de xeito favorable os PCAP e o expediente de contratación.
- O 11/08/2024, o interventor municipal realiza a fiscalización previa de xeito favorable.
- Completado o expediente de contratación procede a súa aprobación polo órgano de contratación, que disporá a apertura do procedemento de licitación maila aprobación do gasto, ao abeiro do artigo 117.1 da LCSP.

Correspóndenlles aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, ao abeiro do apartado 1 da disposición adicional segunda da LCSP.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán no contrato.
- Aprobar o expediente de contratación, mediante o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), non suxeito a unha regulación harmonizada, e a tramitación ordinaria deste contrato:

Obra	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba				
Valor estimado	51369,45 €	IVE (21 %)	10787,59 €	Orzamento total	62157,04 €
Importe en letra	sesenta e dous mil cento cincuenta e sete euros con catro céntimos de euro				

- Abriu o procedemento de adxudicación do contrato indicado arriba e convocar a súa licitación.



4. Autorizar o gasto de 62157,04 € para contratar a mencionada obra, de conta da partida orzamentaria e ao financiamento que se indica:

Financiamento			Retención de crédito e partida orzamentaria	
Xunta Galicia	Deputación A Coruña	Concello Fondos propios	Data Retención crédito	Partida orzamentaria e referencia
0 €	62157,04 €	0 €	Data do RC: 24/07/2024 Operación núm.: 220240003011	Partida: 454 61900 Referencia/s núm.: 22024000759

5. Publicar un anuncio de licitación no Perfil de Contratante, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (en diante PLACSP), co contido que sinala o anexo III da LCSP e ao abeiro dos artigos 135.1 e 159.2 LCSP.
6. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o PCAP e o de prescricións técnicas, (o proxecto técnico), a memoria xustificativa do contrato, a xustificación do procedemento usado para a súa adxudicación e o documento de aprobación do expediente.
7. Dar conta deste decreto á intervención e tesourería para os efectos de practicar as anotacións contables que procedan.
8. Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, por medio da PLACSP, ao abeiro do artigo 63.5 da LCSP.
9. Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Dou fe

O secretario accidental

(PR da DXAL do 25/03/2021 e PD alcalde núm. 1199/2024 do 05/08/2024)

Alberto Romar Landeira
(Documento que se asina electronicamente)

Evaristo Lois Rama